

ROGO SOBRE LABORES DE MANTEMENTO NA RÚA SANTIAGO DE CHILE E NAS PRAZAS PÚBLICAS DO ENSANCHE

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as últimas semanas, o Grupo Popular ten recibido queixas da veciñanza do Ensanche en relación co arranxo e mantemento de diversas zonas deste ámbito. Logo de realizar unha inspección dos lugares descritos e de realizar unha serie de fotografías que dan fe da motivación das queixas, procedemos a enumerar as zonas concretas en detalle.

Na rúa Santiago de Chile, ao longo das beiravías de ambos lados existen varias zonas con desperfectos no firme, con fochancas e pedras soltas, que cumpriría reparar.

Na praza de Vigo son moitas as eivas que se detectan en relación cos pavimentos de lousa estragados, nos que encora a auga cando chove, e bancos cubertos de verdello.

Na Praza de Galicia destacan o deterioro dos pavimentos e do solo do parque infantil, así como as pintadas sobre o panel alusivo á peregrinaxe a Santiago realizado en braile.

E na Praza Roxa e Parque de Ramírez a abundancia de pintadas nos distintos elementos e mobiliario, a falta de limpeza e buratas no parque infantil, a ausencia de reixas nos sumidoiros e a existencia de lousas do pavimento quebradas ou soltas.

Á vista desta situación, formúlase o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para acometer a reparación do firme nos laterais da rúa Santiago de Chile e dos correspondentes labores de mantemento que solucionen as eivas detectadas no solo e nos elementos que integran as prazas de Vigo, de Galicia e no contorno da Praza Roxa-Parque de Ramírez, tal e como se pode comprobar no anexo fotográfico que se acompaña.


Santiago de Compostela, a 7 de febreiro de 2018

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular


- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO




Rúa Santiago de Chile



Praza de Vigo



Praza de Galicia



Praza Roxa-Parque de Ramírez

